

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE CAMBRE**

ANUNCIO da aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas e dotacións en Lendoiro-A Barcala.

Mediante a Resolución da Alcaldía do 9 de marzo de 2022 aprobouse inicialmente o Plan especial de infraestruturas e dotacións en Lendoiro-A Barcala, redactado pola entidade de Oficina de Planeamento, S.A., o que se fai público para xeral coñecemento.

Tanto este instrumento de planeamento como o seu expediente se someten a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co artigo 75.1.a) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Durante o citado prazo contado a partir do día seguinte ao de publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, poderanse formular as alegacións que se consideren pertinentes.

O expediente poderá ser consultado nas oficinas da Área de Urbanismo deste concello de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas.

Cambre, 11 de marzo de 2022

Óscar A. García Patiño
Alcalde

CVE-DOG: cwr6swwd3-14-16-z6j5-7g72-z5uicg7jzww6

